



Nai non hai máis que unha



► AS HOLSTEIN CHEGAN A PRODUCIR ATA OITENTA LITROS DE LEITE NUN SÓ DÍA. ESTA ESPECIALIZACIÓN TAN POSITIVA [...] TEN ALGÚN INCONVENIENTE, POIS SON ANIMAIS MÁIS “DELICADOS” QUE PERDERON O QUE SE COÑECE COMO RUSTICIDADE

Tras o parto, as vacas producen tanto que non lles chega o que comen, polo que, para obter enerxía, queiman as súas reservas de graxa, o que trae consigo perda de peso e outras consecuencias nas que poño o foco nesta nova crónica.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

“Máis madeira, que é a guerra!” gritaba Groucho en *Los hermanos Marx en el Oeste*, mentres lanzaban á caldeira dunha locomotora as táboas de madeira que arrincaban do vagón porque a leña xa se esgotou. Algo parecido lles sucede ás vacas leiteiras despois de parir: producen tanto que o que comen despois non lles chega. Entón, que fan para obter enerxía? A resposta está na queima das reservas de graxa dos depósitos corporais que foron “aforrando” no final da anterior lactación. A consecuencia directa é que a vaca adelgaza. Se esta queima non fose suficiente, tócalles a quenda ás proteínas da súa masa muscular (que neste caso fan o papel da locomotora na película dos Marx).



Aparece entón unha especie de oquidade no medio da coxa das vacas recentemente paridas. Como vedes na foto superior, isto faise moi visible onde está o músculo chamado semitendinoso: a frecha amarela sinala o oco que deberían ocupar as fibras musculares.

As vacas leiteiras actuais son un produto de máis dun século de selección xenética que empezou nos Estados Unidos e no Canadá a partir da raza **frisio** (vaca de orixe holandesa e que se coñece tamén como **vaca pinta**). De como se fi x o esta selección xenética merece outro capítulo, pero deu como resultado o que actualmente se coñece coma raza **holstein**. Estes animais chegan a producir ata **oitenta litros** de leite nun só día. Esta especialización tan positiva desde o punto de vista produtivo ten algún inconveniente, como veremos, pois son animais máis “delicados” que perderon o que se coñece como rusticidade.



Adage Starbuck

► UNHA CONSECUCENCIA IMPORTANTE DO ADELGAZAMENTO POSPARTO É O ATRASO DA ENTRADA EN CELO, POLO QUE NON PODE QUEDAR PREÑADA ATA QUE EMPECE A RECUPERAR PESO (SE NON HAI XESTACIÓN, NON HAI LACTACIÓN)

Na fotografía (páxina anterior) pode des admirar a beleza dun exemplar que foi campioa de España nos anos noventa e tamén o meu máis ilustre cliente: Adage Starbuck.

As vacas menos selectas (máis rústicas) cobren en primeiro lugar as necesidades de nutrientes e enerxía para o seu propio mantemento e os excedentes destínanos á produción de leite. Isto obedece ao que se coñece en bioloxía como **homeostase**. Pero as vacas leiteiras holstein non funcionan así, son moi maternais. E como consecuencia danlle preferencia á lactación, onde invisten todos os seus recursos de enerxía e nutrientes.

A lactación está asociada á viabilidade da cría e a vaca sacrifica os seus recursos metabólicos por ela (nai non hai máis que unha...) e este comportamento acentúase canto máis selecto é o animal. Basta dicir que unha ducia de litros de leite é o máximo consumo que pode ter un xato nun día e a vaca non necesita producir o oitenta litros que vos comentei anteriormente. É o seu

metabolismo o que dalgunha maneira “cre” que son necesarios. Este comportamento metabólico coñécese en fisioloxía como **homeorrese**: o individuo dá preferencia a funcións como a reprodución, o exercicio físico ou a lactación (como é o noso caso). Resumindo, a homeostase dálle prioridade á supervivencia do individuo mentres que a homeorrese á perpetuación da especie.

Outro exemplo de **homeorrese**, onde se ve favorecida a lactación sobre outras funcións; é o que ocorre co calcio na **febre do leite**. Esta patoloxía é típica de vacas moi produtoras e con moitas lactacións. Cando chega o momento do parto, as necesidades de calcio son moi altas para poder cumprir a demanda que esixe a síntese do leite (lembra que o leite é unha rica fonte de calcio). Cando unha vaca se pon de parto destina todo o calcio dispoñible cara ao ubre e descalcifícase. Consecuencia? Non queda calcio no organismo (necesario para a contracción do músculo e para o sistema nervioso central), así que a vaca cae e entra en coma.

Actualmente, unha intervención rápida coa aplicación intravenosa de gliconato cálcico adoita resolver o problema. Anos atrás, para evitar isto, atábanselle os tetos á vaca. Así, a propia presión do leite sobre a glándula mamaria impedía que se producise tanto leite, baixando a demanda de calcio. Era como favorecer a **homeostase** sobre a **homeorrese**. Desgraciadamente, era frecuente que a vaca con este método collese unha infección no ubre (mamite)... e o remedio era peor que a enfermidade.

Unha consecuencia importante do adelgazamento posparto é o atraso da entrada en celo, polo que non pode quedar preñada ata que empece a recuperar peso (se non hai xestación, non hai lactación). Isto convértese nun problema económico para os gandeiros, pero é tamén un sistema de autodefensa: outra cría cunha nova lactación sen tempo para a recuperación acabaría coa nai. Dalgunha forma está a dicirnos: “Que volva quedar preñada a túa tía... Bastante teño xa con isto!”.

Ata a próxima entrada! ■

The banner features a yellow background with a green wavy line at the bottom. On the left is the logo for CAIXA RURAL GALEGA, which includes a stylized leaf icon and the text 'ruralvía'. On the right, there are logos for 'caixaruralgalega.gal', 'rvía', and 'rvía pay'. The text 'A nosa caixa' is written in a large, white, handwritten-style font across the bottom right.